

Informe sobre viabilidade da execución dun vial de acceso sobre parcelas de solo rústico para uso admisible e título habilitante de natureza urbanística (Concello de Viariño de Conso, Expediente XCP-25/059)

ANTECEDENTES

O 07.10.2025 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2025/2762636) escrito do Concello de Vilariño de Conso no que plantexa á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo unha consulta nos seguintes termos:

"Ante un particular que pretende realizar un vial de acceso sobre parcelas de solo rústico para un uso autorizado plantéxase a seguinte dubida:

A actuación proxectada encadrase nos apartados a) e m) dentro do artigo 35 da Lei 2/2016.

Trátase de unha intervención en solo rústico a cal se plantexa con un uso autorizado no solo no que se atopa.

A intervención principal atopase a unha distancia de 300 metros aproximadamente do vial principal. A mesma comunícase co vial principal mediante un vial de acceso non vallado de tipo dobre carril 6 metros de ancho e unha lonxitude de máis de 300 metros. Este vial de acceso discorre totalmente por parcelas privadas que presentan diferentes referencias catastrais que a parcela na que se executa o uso principal da autorizable.

De acordo co previsto no artigo 37 da Lei 2/2016, "No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, salvo no caso dos camiños rurais contemplados nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, minas, montes ou medio ambiente".

É aplicable a dita prohibición de apertura de camiños en rústico ó proxecto exposto ou non é aplicable por ser un vial de acceso a obra principal? En todo caso, ¿é preciso a aprobación dun plan de dotacións e infraestruturas que contemple dito camiño ou algunha outra figura urbanística, previa ó outorgamento da licenza urbanística por parte do Concello do proxecto de obra?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



SEGUNDA.- O Concello de Vilariño de Conso carece de instrumento de planeamento urbanístico xeral, polo que de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, resulta de aplicación o previsto no seu número 4:

“4. Nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei, coas seguintes particularidades:

a) Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a) desta lei.

b) As delimitacións de núcleo rural manterán a súa vixencia”.

Polo tanto, o réxime xurídico de aplicación ao solo rústico do Concello de Vilariño de Conso é o contido nos artigos 31 e seguintes da LSG e 45 e seguintes do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia* (en adiante, RLSG)

TERCEIRA.- A consulta municipal refírese á viabilidade da execución dun vial de acceso sobre parcelas de solo rústico para uso admisible e título habilitante de natureza urbanística

En relación á apertura de camiños no solo rústico, o artigo 37 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, establece o seguinte:

“1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente”.

2.- As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizando ou corrixíndose o seu impacto ambiental.

Nos mesmos termos se expresa o artigo 55 do RLSG.

Cómpre lembrar que a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo tivo ocasión de pronunciarse sobre o réxime de apertura de accesos en solo rústico, entre outros, no informe XCP-22/019, publicado na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccions-es-tudos/relacion-informes-publicados>

Tal como se sinalaba no citado informe, a LSG non permite a apertura de novos camiños non previstos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, excepciónando o suposto dos camiños rurais previstos na planificación sectorial (*agricultura, minas, montes e medio ambiente*), por exemplo, entre outros, os

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



que figuran nos plans de xestión forestal ou de prevención de incendios municipais, aprobados pola administración competente, que pode, naturalmente, crear novos viarios e accesos, se ben, condicionados á funcionalidade do plan respectivo para a que foron creados.

CUARTA.- Por outra banda, os camiños públicos teñen a consideración de dotación urbanística, en concreto, unha infraestrutura de comunicación, de conformidade coa definición que da mesma se recolle no parágrafo 3.4 do Anexo I, denominado definicións, do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG):

"a) Infraestruturas de comunicación: aquel uso que comprende o conxunto de infraestruturas destinadas á conexión urbana e á comunicación interurbana tales como viario e aparcadoiros, aeroportos, ferrocarrís, estradas, camiños e infraestruturas relacionadas co transporte individual ou colectivo.

1º Viario: aquel que inclúe o solo necesario para asegurar un nivel adecuado de mobilidade terrestre. Comprende as infraestruturas de transporte para calquera modalidade de tránsito, como son as estradas, os camiños, as rúas e os aparcadoiros.

Pola súa banda, o artigo 70.2 da LSG, relativo ás finalidades dos plans especiais, dispón que:

"Na ausencia de planeamento xeral municipal, ou cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións non exixan a previa definición dun modelo territorial."

Consecuentemente, dentro do ámbito urbanístico, para poder incluír un novo camiño público en ausencia de planeamento urbanístico e adecuarse así aos requisitos esixidos polo artigo 37 da LSG, o concello ten a posibilidade de formular un plan especial de infraestruturas e dotacións, regulado no artigo 73 da LSG e 183 do RLSG.

QUINTA.- Sentado o anterior, a consulta municipal refírese a execución dun vial de acceso a unha obra principal e autorizable en solo rústico que discorre integramente por parcelas de titularidade privada que presentan referencias catastrais diferentes á da parcela na que se executa o uso principal autorizado.

É dicir, non se trataría da execución dun camiño público co carácter de dotación urbanística, nos termos expostos anteriormente, senón dun vial de acceso que transcorre por parcelas privadas para dar servizo á parcela onde está o uso principal autorizable e polo tanto, de uso privado.

Neste contexto, a citada actuación non implicaría a apertura dun camiño aos efectos do artigo 37 da LSG, non resultando preciso para a súa execución a aprobación dun plan de infraestruturas e dotacións.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Agora ben, toda vez que a obra principal, segundo expón a solicitude, constitúe un uso que encaixa nos apartados a) e m) do artigo 35 da LSG, de conformidade co establecido no artigo 36 da mesma lei, resulta preceptiva a previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística. Así mesmo, no caso de que se implante sobre solo rústico de especial protección, será necesario contar coa autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente.

Por outra banda, como todos os usos do artigo 35 da LSG, a actuación deberá cumprir os requisitos establecidos para o réxime do solo rústico nos artigos 36 a 39 da LSG e concordantes do RLSG que resulten aplicables.

Á vista do exposto, a execución do vial de acceso á obra principal esixe a obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística que corresponda, de conformidade co réxime previsto no artigo 142 da LSG.

En todo caso, dado que segundo se expón se trata dunha obra accesoria a outra principal que tamén deber ser obxecto de título habilitante municipal de natureza urbanística, ambas actuacións poden ser obxecto do mesmo título habilitante municipal de natureza urbanística, sempre que se inclúa no correspondente proxecto técnico.

CONCLUSIÓNS

1.- O artigo 37.1 da LSG establece como requisito previo para a apertura dun camiño en solo rústico que estea previsto no planeamento urbanístico ou nun instrumento de ordenación do territorio. Co fin de incluílo no planeamento urbanístico, o concello podería formular un plan especial de infraestruturas e dotacións ou ben unha modificación do plan xeral de ordenación municipal.

2.- A única excepción prevista son os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.

3.- A actuación obxecto da consulta, consistente na execución dun vial de acceso á unha obra principal e autorizable en solo rústico e vinculado á mesma, o cal discorre integramente por parcelas de titularidade privada e é para uso privado, non incurre na prohibición de apertura de camiño público prevista no artigo 37 da LSG, polo que non resulta precisa a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

